

**PREGUNTA DE AER SOBRE TARIFAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DA AUGA. (Rex. Entrada
02.05.2017, 2017-E-RC-6321)**

PLENO 03 MAIO DE 2017. ACTA 05/2017

“Como ben é sabido, a potestade de fixar as tarifas para cobrar aos usuarios como receptores dos servizos de subministración de auga e rede de sumidoiros corresponde unica e exclusivamente ao propio Concello titular do servizo; sen que esta potestade poida ser delegada ou estea suxeita a posibles pactos coa empresa á que se encomenda a prestación destes servizos.

A Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, Sección 2ª, do 12 de novembro de 2009, declara que as exaccións cobradas por unha empresa concesionaria do servizo, carecen da debida cobertura legal, se non é coa correspondente Ordenanza debidamente aprobada e publicada.

Así pois, tendo en conta o disposto polo Tribunal Supremo na citada sentenza e as reclamacións dinerarias feitas pola empresa concesionaria dos servizos de subministración de auga e rede de sumidoiros no Concello de Redondela (Aqualia FCC UTE Redondela) aos usuarios, facemos a seguinte pregunta:

En que consisten os dereitos de RECONEXIÓN ou dereitos de SUSPENSIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, e en que ordenanza fiscal están recollidas as cuotas correspondentes a estes dereitos que lle está a reclamar a empresa concesionaria á veciñanza?”

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS resposta que é a empresa concesionaria se despraza ao inmovible e pecha a pase de auga, precinta e saca para a custodia. Cando hai unha reconexión, e non se cobra unha taxa.